

NORMAS CAMPAMENTO CONCILIACIÓN MARÍN 2025

- * O horario de entrada será entre as 9:00 e 9:30 (despois das 9:30 non se poderá entrar). O plan madruga comeza ás 7:30h, con petición previa. A recollida será entre as 13:30 e 14:00h. Abriase o portón e a saída será baixo o control das/os monitoras/es.
- * O lugar de entrega e recollida será no portal exterior do recinto. Fóra do recinto a responsabilidade é dos pais, nais ou titores.
- * As quendas son:
 - 1ª xullo – do 1 ao 15.
 - 2ª xullo – do 17 ao 31.
 - 1ª agosto – do 1 ao 14.
 - 2ª agosto – do 18 ao 29.
- * Se houbese algún imprevisto, deberase informar no teléfono de contacto de quen recollerá ao neno ou nena.
- * Roupa cómoda, gorra e crema solar (preferible que veña aplicada da casa). A empresa non se fai responsable de perdas de roupa ou obxectos perdidos ou esquecidos. No caso de que ao finalizar os campamentos haxa roupa ou obxectos non reclamados, serán cedidos a unha entidade benéfica.
- * Deberase traer da casa unha pequena merenda equilibrada e auga.
- * Recoméndase traer unha muda para os máis cativos.
- * Haberá actividades de auga, polo que será necesaria traxe de baño, chanclas e crema solar. Avisarase dos días en función da climatoloxía desa semana. Si algún neno ou nena non puidera ou quixera realizar esta actividade, deberá comunicalo.
- * Haberá actividades de manualidades, nas que se pedirá colaboración con materiais de reciclaxe como botellas de plástico, iogures...
- * Faremos algunha saída ao entorno, nas que pediremos a colaboración das familias, para o punto de entrega e recollida. Os días previos á saída mandarase unha nota informativa indicando lugar, horario e material específico en caso de ser necesario. Entregarase unha autorización que será válida para todas as saídas.
- * Aquelas familias que desexen que o seu neno ou nena non asista a unha actividade de maneira puntual, será suficiente con notificalo aos monitores.

Teléfono do coordinador: 658442812 ou da empresa: 659275614